



## **NORMAS PROVISIONAIS DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO SOCIAL DE MAIORES DO CONCELLO DE OZA-CESURAS**

### **Art. 1.- OBXECTO**

1.1 O obxecto destas bases é organizar provisionalmente, entre tanto non se aproben as correspondentes normas de funcionamento, o desenvolvemento do centro de atención ás persoas maiores (pertencente á categoría ou tipo de “fogares e clubs”) denominado CENTRO SOCIAL DE MAIORES DO CONCELLO DE OZA-CESURAS, configurado como un espazo de encontro destinado a facilitar ás persoas maiores uns servizos e actividades coa finalidade de acadar os seguintes obxectivos:

- Ser lugar de encontro, espaxamento, lecer e comunicación das persoas maiores, no que se promoverá fundamentalmente a convivencia dos maiores, co obxectivo de desenvolver e potenciar a integración persoal e comunitaria.
- Fomentar a realización de actividades de promoción da saúde, autonomía, en xeral, mellorar a súa calidade de vida e integración social.
- Facilitar ás persoas maiores o acceso aos servizos e actividades.
- Facilitar a integración, a participación, a solidariedade e a relación co medio social, canalizando cara a Administración pública as aspiracións, inquietudes e necesidades do sector da poboación de maiores, servindo de apoio para a prestación de servizos sociais e asistenciais.
- Proporcionar medios de espaxamento e lecer axeitados á súa idade e intereses que contemplan as aptitudes creativas, culturais e recreativas deste sector de poboación.
- Apoiar a auto organización dos maiores.
- Contribuír á prevención do illamento da poboación maior.
- Establecer canles de relación directos entre as partes interesadas (persoas usuarias, responsables dos servizos e persoal municipal) así como canles formais de comunicación cos recursos socio-asistenciais como son o centro de saúde, casa do concello ... e nos que as persoas maiores teñen unha maior dependencia.
- Impulsar a apertura do colectivo ao seu entorno social e persoal.
- Atender a demanda da persoa usuaria e potenciar a existencia de novas demandas.





1.2 Neste centro poderán organizarse actividades con persoas maiores non usuarias co fin de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar e actuar como mecanismo de prevención da exclusión social da poboación maior que vive soa.

Concíbese como un equipamento de apoio ás persoas maiores que precisan atencións en necesidades comunicativas, de socialización e de convivencia con persoas da súa idade, de soidade, de mellora da calidade de vida ambiental e persoal, a saúde física e mental.

Trátase dun servizo complementario aos recursos sociais dos que dispón o Concello como o programa de axuda no fogar ou a teleasistencia.

## **Art. 2.- PERSOAS USUARIAS E AUTORIZADAS PARA ACCEDER**

2.1 Terán a consideración de persoas usuarias habituais do centro, previa presentación da solicitude conforme ao Anexo I no departamento de Servizos Sociais deste concello, e tralo outorgamento de autorización por Decreto da Alcaldía, as persoas empadroadas no Concello de Oza-Cesuras que teñan idade igual ou superior a 65 anos que non padezan Alzheimer ou outras enfermidades neurodexenerativas, trastornos mentais ou conductuais non compensados que poidan alterar a convivencia no centro.

2.2 No suposto de que os usuarios habituais non cubran a totalidade de prazas e existan vacantes nas quendas ofertadas poderán admitirse como persoas usuarias esporádicas do centro persoas empadroadas no Concello de Oza-Cesuras que teñan idade igual ou superior a 65 anos que non padezan Alzheimer ou outras enfermidades neurodexenerativas, trastornos mentais ou conductuais non compensados que poidan alterar a convivencia no centro.

Para o recoñecemento da dita condición deberá presentarse solicitude conforme ao Anexo I no departamento de Servizos Sociais deste concello, e autorizarse por Decreto da Alcaldía.

Non se autorizarán usuarios esporádicos cando existan solicitudes de usuarios habituais nesa mesma quenda e opción que estean pendentes de autorizar e que aínda non obtiveran praza.

Asimesmo, terán preferencia para o recoñecemento de persoas usuarias esporádicas nas quendas en que existan prazas vacantes aquelas persoas que tiveran solicitada a inscrición como usuarios/as habituais e aínda non obtiveran prazas (seguindo a orde rigorosa de inscrición en dita solicitude).

Nos restantes casos, a admisión das persoas usuarias esporádicas será por rigorosa orde de inscrición nos rexistros municipais que se indican nas presentes normas.





En todo caso, o acceso das persoas usuarias esporádicas do Centro Social deberá ser comunicado aos Servizos Sociais Comunitarios municipais cun mínimo de tres días de antelación á asistencia e, en calquera caso, estará condicionado á existencia de prazas vacantes na correspondente quenda.

2.3 Excepcionalmente, previo informe motivado dos Servizos Sociais Comunitarios municipais, por Decreto da Alcaldía poderán autorizarse como persoas usuarias habituais ou esporádicas as persoas maiores de 60 anos e menores de 65 que, igualmente conten coas mencionadas condicións físicas e psíquicas, e que pola súa situación persoal ou social precisen destes centros.

2.4 Poderá permitirse o acceso ao centro as persoas que non ostenten a condición de usuarios/as do mesmo, nas seguintes circunstancias:

- Aquelas persoas que están colaborando na realización de programas e actividades do centro.
- As persoas convidadas a participar nas actividades socio-comunitarias do centro ofertadas polo mesmo.
- As persoas non usuarias que participen nas actividades organizadas polo concello cuxo desenvolvemento se leve a cabo no centro social.

### **Art. 3.- SOLICITUDES DE ALTAS E BAIXAS**

#### **3.1. Solicitud de Alta:**

3.1.1. As solicitudes de alta para ser usuario/a formularanse no modelo normalizado (Anexo I), dirixirse aos Servizos Sociais Municipais e poderán presentarse presencialmente ou ben de xeito telemático, mediante o modelo de solicitude xeral dos procedementos normais da sede electrónica do concello (<https://ozacesuras.sedelectronica.es>) xunto coa seguinte documentación:

- Dúas fotografías tamaño carné.
- Fotocopia do DNI.
- Informe médico -segundo o modelo que se inclúe no anexo I- no que se indique que:
- . A persoa solicitante non padece enfermidade infecto-contaxiosa.





. As alerxías e intolerancias á inxestión e/ou ao contacto que, no seu caso, padeza a persoa solicitante.

- Autorización de consulta no padrón municipal de habitantes.
- Designación de persoas de contacto habituais.

Así mesmo os servizos sociais do concello poderán esixir, con carácter excepcional, calquera outra documentación que acredite a concorrencia de circunstancias excepcionais no/na solicitante.

3.1.2. As solicitudes pesenciais deberán presentarse nos servizos sociais do concello, sitos no propio centro social de maiores, decidindo a admisión ou inadmisión como usuario por Decreto da Alcaldía, previo informe dos servizos sociais.

A admisión será por rigorosa orde de inscrición en calquera dos rexistros municipais indicados.

3.1. 3. Os Decretos da Alcaldía denegatorios da condición de usuario/a serán comunicados por escrito ao interesado/a concretando o motivo da denegación.

### 3.2. Baixas do usuario.

Producirase a baixa do usuario polas seguintes causas:

- Por renuncia expresa.
- Por sanción derivada da comisión de faltas contempladas seguidamente.
- Por falecemento.
- Por deixar de cumprir os requisitos establecidos para o dereito de ser persoa usuaria do centro.

## **Art. 4 .-. NORMAS DE FUNCIONAMENTO**

4.1. O horario de apertura e peche, o número de prazas e as actividades ofertadas será determinado por Decreto da Alcaldía en función da adecuación ás necesidades dos usuarios/as e aos recursos dispoñibles.





#### 4.2. Horario de apertura e peche:

Inicialmente se establece o seguinte: 8:00 a 19:00 h de luns a venres hábiles

#### 4.3. Horarios e turnos individualizados:

Co obxecto dunha mellor organización do centro social e posibilitar o desenvolvementos das actividades, o concello poderá establecer horarios e turnos individualizados para as persoas usuarias e, no seu caso, limitar o número máximo de usuarios anteriormente indicado.

#### 4.4. Usuarios:

##### 4.4.1. Número máximo de usuarios: 40

##### 4.4.2. Dereitos e deberes:

As persoas usuarias terán os seguintes dereitos e deberes:

##### a. Dereitos:

- Utilizar os locais e servizos do centro, accedendo ós mesmos sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Consideración no trato debido á dignidade da persoa, tanto por parte do centro ou servizo como dos demais usuarios/as.
- Ó sixilo profesional dos datos do seu historial sanitario e social.
- Participar en todas aquelas actividades organizadas polo centro.
- Aportar suxestións sobre o funcionamento, actividades e outros asuntos de interese para o desenvolvemento do centro.
- A deixar de utilizar o servizo ou abandonar-lo centro por vontade propia.
- Unha asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas.

##### b. Deberes:

- Cumprir-las normas sobre a utilización do centro ou servizo establecidas no presente texto.





- Manter unha conduta de tolerancia, respecto e colaboración encamiñada a facilitar unha mellor convivencia e relación cos demais usuarios/as e co persoal do centro.
- Colaborar na realización de determinadas tarefas coa finalidade dun mellor funcionamento do centro sempre de acordo co disposto no presente texto.
- Garda-las normas de hixiene e aseo tanto persoal como nas dependencias do centro.
- Facilita-la realización da limpeza do centro polo persoal encargado.
- Usar adecuadamente e con coidado os enseres do centro.
- Utiliza-las papeleiras, cinceiros e contadores do lixo de forma axeitada.
- Evitarase realizar fora dos lugares adecuados actividades que non corresponden.
- Non se permiten animais domésticos dentro do centro.
- Tratar ao persoal que traballe no centro con respecto e corrección, seguindo as súas indicacións e en caso de queixas facéndoa constar no libro de reclamacións que se habilitará aos efectos.
- Comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal ao centro.

#### 4.5. Actividades:

As actividades que, en principio, se prevé desenvolver no Centro son as previstas no Anexo II

#### 4.6. Perdas ou extravíos:

4.6.1. O centro non se responsabiliza da perda de cartos ou obxectos de valor. En todo caso, se os/as usuarios/as os traen consigo, quedarán baixo a garda e responsabilidade exclusiva do seu propietario/a.

4.6.2. Calquera obxecto que se atope deberá entregarse ao persoal do centro ou avisar que o recollan. De igual maneira, se alguén perde algo pode comunicalo ao persoal do Centro.

#### 4.7. Infraccións e sancións:

4.7.1. O réxime de infraccións e sancións regularase conforme a Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, no título III da Lei 39/2006 de promoción da autonomía





persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, sen prexuízo da seguintes especialidades.

4.7.2. As infraccións clasificaranse en moi graves, graves e leves.

a) Serán infraccións de carácter moi grave:

- Provocar desordenes e alteracións moi graves no servizo que fagan imposible a continuidade da prestación.
- A agresión física, acoso ou maltrato ó persoal do centro programa ou servizo o resto de persoas usuarias ou a visitantes.
- Ocasionar danos ou substraer bens do centro, de outras persoas usuarias, do persoal traballador ou no seu caso, das persoas visitantes.
- A falta inxustificada de pago dos servizos do centro.
- A reincidencia na comisión de infraccións graves.

b) Serán infraccións graves:

- Non facilitar ó Concello ou dirección do centro os datos que se soliciten aos usuarios/as ou falsear os datos ou non comunicar as alteracións das circunstancias ou requisitos que lle permitan ser usuarios/as do centro.
- O incumprimento das normas de funcionamento cando ocasione prexuízos notorios na prestación do servizo ou produza danos ou prexuízos graves a outras persoas usuarias ou o persoal traballador do centro.
- A reincidencia na comisión de infraccións leves.
- Entorpecer, intencionada e habitualmente as actividades a realizar no centro.
- O maltrato de palabra cara aos/as outros/as usuarios/as e/ou ao persoal do centro.
- A subtracción de obxectos que formen parte o mobiliario e material do centro a disposición dos/as usuarios/as.
- Consumir alcohol ou calquera outra sustancia estupefaciente no centro.
- Realizar actos prexudiciais para a reputación e o bo crédito do centro.

c) Serán Infraccións leves:

Serán incumprimentos de carácter leve:





. Non comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal ao centro.

. Non asistir ao centro social sen causa xustificada durante un período superior a 1 mes.

. Calquera incumprimento do presente texto de funcionamento que pola natureza ou gravidade non se tipifique como grave ou moi grave.

#### 4.7.3. Sancións:

As sancións que se impoñen aos/as usuarios/as que incorran nalgunha das infraccións clasificadas anteriormente son as seguintes:

- Por incumprimento moi grave:

Expulsión temporal do centro e perda da condición de usuario/a por un máximo de seis meses, podendo chegar en determinados casos e de forma motivada ata a expulsión definitiva.

- Por incumprimento grave:

Expulsión temporal do centro e perda dos beneficios da condición de usuario/a por un período máximo de tres meses.

- Por infracción leve:

Amoestación verbal ou escrita.

#### 4.8. Procedemento sancionador:

4.8.1. O procedemento sancionador das infraccións axustarase ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.8.2. O expediente sancionador poderá iniciarse de oficio, polo propio concello, ou mediante denuncia. A estes efectos, os/as usuarios/as poderán denunciar mediante escrito ou comparecencia dirixida ao Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue a conduta dun/ha usuario/a susceptible de ser tipificada como un dos incumprimentos definidos no presente documento. En ningún caso se admitirán as denuncias anónimas.

4.8.3. Medidas provisionais: O órgano competente para iniciar ou resolver o procedemento sancionador poderá adoptar as medidas provisionais necesarias para asegurar a eficacia da resolución final que poida recaer, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que poderán consistir en:







- a) O pechamento ou a suspensión temporal, total ou parcial, do centro e das actividades do centro, servizo ou programa.
- b) A prohibición de aceptación de novas persoas usuarias.
- c) Calquera outra que se considere axeitada e proporcionada á natureza e gravidade da presunta infracción.

#### 4.9. Danos e prexuízos:

Os/as usuarios/as do centro serán os/as responsables dos danos e prexuízos que por acción ou omisión causen nas súas instalacións, así como das alteracións de orde que se produzan.

Sen prexuízo da responsabilidade penal ou civil en que puideran incorrer por tales actos ou omisións, que poderá esixirse diante dos xulgados e tribunais correspondentes, se os/as usuarios/as cometesen algunhas das faltas previstas nos seguintes puntos serán obxecto de procedemento sancionador que, con carácter xeral establece a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico de administracións públicas e procedemento administrativo común.

### **Art. 5.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES**

No centro existirá un programa de actividades elaborado polos servizos municipais.

No anexo II do presente documento inclúese o programa de actividades que se prestarán no centro social a partir da apertura do mesmo.

O mencionado programa estará exposto no taboleiro de anuncios do centro para debida información das persoas usuarias.

As actividades e servizos que se realizarán no centro municipal de maiores están dirixidas e adaptadas a persoas maiores tanto válidas como asistidas proporcionándolles a estas últimas apoio persoal axustado ás posibles limitacións que poidan presentar.

Os usuarios/as poden acudir a todas as actividades que se organicen tendo en conta o rigoroso orde de inscrición.

### **Art. 6.- PÓLIZAS DE SEGUROS.**

O Centro disporá dunha póliza de seguro de danos, necesario para garantir a reparación de sinistros do edificio, así como dunha póliza de seguro de responsabilidade civil, que garante a cobertura das indemnizacións ás persoas usuarias e/ou a terceiras persoas polos danos e perdas causados como consecuencias de sinistros do edificio e/ou





desenvolvemento dos servizos e actividades. As ditas póliza poderá ser requiridas polos/as usuarios/as para o seu coñecemento.

#### **Art. 7.- OUTROS**

As persoas que escollan as opcións 1, 2, 3 e 4 da quenda de xornada completa poderán xantar no comedor habilitado do local social.

A comida será por conta da persoa usuaria.

#### **Art. 9.- VIXENCIA DO PRESENTE TEXTO**

Aplicaranse as presentes normas ata a entrada en vigor o Regulamento de funcionamento do Centro Social de Maiores do Concello de Oza-Cesuras.





## ANEXO I

### Centro Social de Maiores Oza-Cesuras

#### SOLICITUDE DE PERSOA USUARIA

INTERESADO (PERSONA USUARIA)		
NOME e APELIDOS		
SEXO	ESTADO CIVIL	NIF
DATA NACEMENTO	TELÉFONO/S	
ENDEREZO		
<b>EN CASO DE URXENCIA AVISAR A:</b>		
NOME e APELIDOS		
PARENTESCO	TELÉFONO/S	

#### **TIPO USUARIO:**

- USUARIO HABITUAL  
 USUARIO ESPORÁDICO

#### **QUENDA ESCOLLIDA:**

a) Xornada Completa:

- Opción 1 - xornada completa (Horario de 08:00h a 16:00h)  
 Opción 2 - xornada completa (Horario de 09:00h a 17:00h)  
 Opción 3 - xornada completa (Horario de 10:00h a 18:00h)  
 Opción 4 - xornada completa (Horario de 11:00h a 19:00h)  
 Opción 5 - xornada completa (Horario de 09:00h a 13:00h e de 15:00 a 19:00h)

b) Media Xornada:

- Opción 1 - media xornada (Horario de 09:00h a 13:00h)  
 Opción 2 - media xornada (Horario de 15:00h a 19:00h)





**Declaro baixo a miña responsabilidade que:**

- Que teño 65 anos ou máis
- Que teño máis 60 anos (previa valoración dos servizos sociais municipais).
- Non padezo enfermidade infecto-contaxiosa (achego informe médico).
- Non padezo alzheimer nin outras enfermidades neurodexenerativas, nin trastornos mentais ou conductuais non compensados que poidan alterar a convivencia no centro
- Alerxias e intolerancias á inxestión e/ou ao contacto que, no seu caso, padeza a persoa solicitante (achego informe médico)
- Autorizo a consulta no padrón municipal de habitantes.

**Designo as seguintes persoas de contacto habituais:**

<u>NOME E APELIDOS</u>	<u>VÍNCULO AFECTIVO</u>	<u>TELÉFONO</u>

Oza-Cesuras, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

O/A SOLICITANTE

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS**





*O interesado será o único responsable en caso de falsedade ou inexactitude dos datos declarados no presente documento.*





**ANEXO I**  
**Centro Social de Maiores Oza-Cesuras**

**INFORME MÉDICO**

Emitido \_\_\_\_\_ polo \_\_\_\_\_ Doutor/a  
D/Dna.: \_\_\_\_\_

Colexiado nº: \_\_\_\_\_ Médico de: \_\_\_\_\_

**Relativo a D/Dna.:**

Nome e Apellidos	Data Nacemento	de	DNI	Sexo	Estado Civil
------------------	----------------	----	-----	------	--------------

Enderezo	Teléfono
----------	----------

**¿Padece enfermidade infecto-contaxiosa?**

ǾSÍ ǾNON

**¿Padece alerxias e intolerancias á inxestión e/ou ao contacto?**

ǾSÍ ǾNON

Cales: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

En Oza-Cesuras a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo: \_\_\_\_\_





Concello de  
Oza Cesuras



Cod. Validación: 4NLM3SRWJN5J44S3GVJ9CG2EF | Corrección: <https://ozacesuras.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 16



**ANEXO II**  
**Centro Social de Maiores Oza-Cesuras**

**PROGRAMA DE ACTIVIDADES**

- Taller de memoria
- Podoloxía
- Fisioterapia
- Actividades físicas para maiores
- Partida de cartas, dominó, manualidades, xogos de mesa

Oza-Cesuras, na data indicada na sinatura electrónica

**O ALCALDE EN FUNCÍONS,**  
**Asdo. Andrés Taboada Marante**

